

**PROGRAMA DE BOLSAS PRÁCTICAS “FUNDACIÓN ONCE-CRUE” PARA
ALUMNADO UNIVERSITARIO CON DISCAPACIDADE
Convocatoria 2019-2020
Universidade de Vigo**

1. OBXECTO

A Universidade de Vigo e a Fundación ONCE convoca en réxime de concorrncia competitiva **8 bolsas**, co obxectivo de facilitar o desenvolvemento de **prácticas académicas externas dirixidas a alumnado universitario con discapacidade** promovendo así a mellora da súa empregabilidade e futuro profesional.

O réxime desta convocatoria axústase ao previsto no Convenio de 12 de setembro de 2019, establecido entre a Fundación ONCE e a Conferencia de Reitores das Universidades Españolas (CRUE), así como no Real Decreto 592/2014, de 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios e no vixente Regulamento sobre prácticas académicas externas da Universidade de Vigo.

As prácticas académicas externas poderán ser desenvolvidas en grandes empresas, PyMES, microempresas, empresas de economía social, entidades do terceiro sector e outras institucións públicas e privadas.

2. REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

Poderán presentar solicitude as persoas que cumpran os seguintes requisitos:

- Ter unha discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33%
- Estar matriculado/a na Universidade de Vigo en titulacións oficiais de GRAO e MASTER no curso 2019/2020.
- No caso de estudos de Grao ter superados o 50% dos créditos totais do plan de estudos.

Non poderán ter a condición de beneficiario/a as persoas nas que conorra algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da *Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, de 17 de novembro*.

3. INCOMPATIBILIDADES

A bolsa é incompatible coa existencia de relación contractual de tipo laboral, de prestación de servizos ou asimilable con empresa, institución ou entidade algunha no momento de desenvolvemento das prácticas.

A percepción da bolsa será compatible con outra axuda que o estudante poida obter da empresa ou de calquera entidade ou institución, e con unha posible pensión contributiva ou non, nos termos establecidos legalmente.

4. PERÍODO DE REALIZACIÓN E DURACIÓN DAS BOLSAS

O período de prácticas terán unha duración de **3 meses consecutivos**, a realizar entre o 1 de febreiro e o 31 de outubro de 2020. Excepcionalmente por causas xustificadas poderán realizarse ata o 31 de decembro do 2020.



Se a empresa de acollida comprometese a abonar a mesma ou superior axuda mensual e asume o custo das obrigas tributarias e coa seguridade social, o período de prácticas pode ser ampliado ata 3 meses máis.

O horario será de **25 horas semanais** e será pactado entre a empresa e a persoa beneficiaria da bolsa, respectando en todo caso a actividades académica formativa do alumnado.

As prácticas estarán suxeitas ao establecido na normativa de prácticas da Universidade.

5. DOTACIÓN E PAGAMENTO

O importe da bolsa ascende a **600 € euros brutos mensuais nos que se inclúe a cantidade precisa para o cumprimento das obrigas existentes en materia fiscal e coa seguridade social.**

O importe total desta acción ascende a un máximo de **14.400 €** (a expensas do incremento aplicado a cota patronal do ano 2020), con cargo a aplicación orzamentaria **2020 0000 121D 482.11** (13.238,16€ pola dotación bruta das bolsas e 1.161,84€ en concepto de cota patronal), e por tratarse dun expediente de tramitación anticipada a contía máxima é estimada e queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento do recoñecemento da obriga.

A Universidade recibirá da Fundación ONCE a dotación económica correspondente ao alumnado beneficiario da bolsa. O programa está cofinanciado polo Fondo Social Europeo no marco do Programa Operativo de Inclusión Social e Economía Social 2014-2020.

O pagamento farase por meses vencidos. No caso de que non chegara a completarse o período da bolsa só será aboada a contía proporcional de bolsa correspondente ao período realizado, sempre e cando este sexa superior a 8 días; en caso contrario non se percibirá axuda algunha.

Se a interrupción é por causa xustificada e de forza maior poderá interromperse o período de prácticas polo tempo necesario, retomando a actividade ata completar o período de tres meses con data límite o 31 de decembro de 2019. A suspensión supón a interrupción automática do pagamento da bolsa ata que finalice a suspensión.

6. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

As persoas solicitantes deberán cubrir o formulario electrónico na web <http://becas.fundaciononce.es/Paginas/BecasPracticasOnceCrue.aspx> e subir a plataforma a seguinte documentación:

- currículo,
- certificado de discapacidade,
- certificado académico da titulación de grao coa nota media calculada sobre 10.

Tamén se lles poderá requirir que acheguen outra documentación que sexa necesaria para a adxudicación da bolsa.

O prazo de presentación de solicitudes finaliza o **31 de outubro de 2019**.

Os datos persoais recollidos na solicitude serán tratados pola Universidade de Vigo para a xestión da formación. O responsable do tratamento destes datos é a Universidade de Vigo diante da que se exercitarán os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación do tratamento, oposición ou portabilidade dos datos.

7. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

A xestión administrativa das bolsas levarase a cabo polo Sección de Axudas e Bolsas da universidade en coordinación coa Área de Emprego e o Servizo de Extensión Universitaria.



CSV : GEN-39cf-d11f-3755-e463-4722-c7cd-286d-14be

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 01/10/2019 13:02 | NOTAS : F

A selección será efectuada pola Comisión de selección de acordo cos seguintes criterios:

- Nota media do expediente académico calculada segundo o disposto no protocolo do Sistema Universitario Galego establecido na Resolución de 15 de setembro de 2011 (DOG do 30 de setembro)
- % de minusvalía

Terán prioridade os estudantes de último curso da titulación de Grao e os estudantes de Máster e aqueles que non teñan realizado prácticas anteriormente.

A Comisión de selección está composta por:

Presidenta: Natalia Caparrini Marín, vicerreitora de captación de alumnado, estudantes e extensión universitaria

Vogais:

M. Isabel Doval Ruíz, vicerreitora de Responsabilidade Social, Igualdade e Cooperación
Reyes Fernández González, Técnica Superior en orientación Laboral
Ricardo Corderí Salgado, xefe do Servizo de Extensión Universitaria
Rosa Graña Costas, xefa do Servizo de Axudas ao Estudo, Bolsas e Prezos Públicos

Efectuada a selección pola Comisión, a Sección de Axudas e Bolsas publicará a **listaxe provisoria de persoas con bolsa concedida, denegada** coa mención da causa de denegación, e a **listaxe de agarda** para o caso de existir renuncias ou novo reparto por existencia de vacantes noutras universidades de acordo co establecido no convenio de colaboración.

As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de **cinco días hábiles**, contados dende o día seguinte a publicación, presentando o formulario de alegacións, dirixido á Sección de Axudas e Bolsas a través dos rexistros da Universidade.

Revisadas as alegacións pola Comisión a Sección de Axudas e Bolsas elevará a proposta de **Resolución Reitoral definitiva de persoas con bolsa concedida, denegada coas causas de denegación e a listaxe de agarda** á Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria para a súa publicación.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o/a reitor/a no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ou ben directamente un recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Todas as resolucións ás que se refire este punto publicaranse nos taboleiros dos rexistros da Universidade de Vigo, e no [Portal de bolsas](#) da Universidade.

Poderán realizarse as comunicacións individuais que resulten necesarias ao correo electrónico sinalado na solicitude, sen que estas teñan a consideración de notificación.

8. RENUNCIA

Cada bolseiro/a presentarase nas oficinas da Área de Emprego a hora indicada na notificación que se lle enviará por correo postal. No caso de que a persoa beneficiaria non se presente, entenderase que renuncia á bolsa.

A renuncia voluntaria unha vez iniciada a bolsa farase por escrito e será comunicada á Sección de Axudas e Bolsas cun mínimo de 15 días de antelación á data en que se fará efectiva a



CSV : GEN-39cf-d11f-3755-e463-4722-c7cd-286d-14be

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 01/10/2019 13:02 | NOTAS : F

renuncia. A renuncia dará lugar á perda dos dereitos económicos correspondentes á parte da bolsa non realizada.

No caso de existir listaxe de agarda a bolsa será adxudicada á seguinte persoa da listaxe nos termos establecidos nesta convocatoria.

9. OBRIGAS

Son obrigas das persoas bolseiras:

- Realizar, a actividade formativa e o plan formativo conforme ao establecido na convocatoria.
- Estar matriculada na Universidade de Vigo durante todo o período de duración da bolsa.
- Presentar na Sección de Bolsas e Axudas ao Estudo, dentro do mes seguinte á finalización da bolsa, unha memoria final das actividades realizadas durante todo o período da bolsa.
- Cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da lei 38/2013, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, que lles sexa de aplicación.

10. REVISIÓN E REINTEGRO DAS BOLSAS

Son causas de reintegro destas axudas:

- Non cumprir os requisitos e obrigas recollidas na convocatoria.
- A ocultación de datos, alteralos ou manipular a información solicitada.
- Incurrir nalgunha das causas de incompatibilidade establecidas nesta convocatoria.

A persoa beneficiaria que incorra nalgunha destas causas, está obrigada a reintegrar á Universidade a cantidade indebidamente percibida.

11. COORDINACIÓN DO PROGRAMA

A Area de Emprego e Emprendemento é a responsable da coordinación e supervisión do programa e a búsqueda da entidade adecuada ao perfil profesional e dispoñibilidade do alumnado (horaria e xeográfica). As persoas participantes poderán dirixir á emprego@uvigo.es as consultas e dúbidas que xurdan ao longo da vixencia do programa.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o/a reitor/a no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ou ben directamente un recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Vigo, 1 de outubro de 2019

O reitor

Por delegación RR 01/12/2018 (DOG 07/12/2018)

A vicerreitora de captación de alumnado, estudantes e extensión universitaria

Natalia Caparrini Marín



CSV : GEN-39cf-d11f-3755-e463-4722-c7cd-286d-14be

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 01/10/2019 13:02 | NOTAS : F